

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CLUB CICLISTA COMPOSTELANO PARA O DESENVOLVEMENTO DO IV MINIBTT CIDADE DE SANTIAGO MEMORIAL JOSÉ LUIS NEIRA FONTAO E O XXI CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Abel Gómez García, con documento nacional de identidade número 44821687T, Presidente da entidade deportiva CLUB CICLISTA COMPOSTELANO, (CIF G-15065642) con domicilio en Santiago de Compostela no Estadio Municipal Verónica Boquete de Santiago, nº1 Soto 1, con CIF G 15065642, co número de Rexistro na Dirección Xeral para o Deporte C-610 e no de Rexistro Municipal de Asociacións co nº 261.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, acordando

EXPOÑER

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.5 das Bases de execución do orzamento municipal do ano 2022.
- IV. Que o Concello de Santiago, para levar a cabo, coa colaboración do Club Ciclista Compostelano (en adiante C.C.COMPOSTELANO), o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago para o ano 2022, que de acordo co seu artigo 33.2, anexos IV e VII achegará a cantidade de **seis mil euros (6.000.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890008.

E, polo que as partes

CONVENEN

1º.- Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do ciclismo a través da realización da IV MINIBTT CIDADE DE SANTIAGO MEMORIAL JOSE LUIS NEIRA FOTAO e da XXI CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO. Polo que C.C.COMPOSTELANO comprometeuse a organizar e

desenvolver esta actividade deportiva, que terán lugar o 19 de setembro de 2022, no estadio Verónica Boquete, Santiago, e 29 de outubro de 2022 no estadio Verónica Boquete, Santiago.

2º.- O C.C.COMPOSTELANO, como organizador do evento, farase cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma, ademais de definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preserve a igualdade entre os participantes e estableza as condicións da competición.

O C.C.COMPOSTELANO manifesta a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibiliten a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como acadar os permisos que sexan necesarios ante as autoridades e organismos que correspondan, e aplicar aquelas normas e regulamentos que son de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

3º.- O IV Minibtt Cidade de Santiago Memorial José Luis Neira Fontao e o XXI Ciclocross cidade de Santiago desenvolveranse nos xardíns no estadio Verónica Boquete, Santiago no estadio Verónica Boquete, Santiago, sendo responsabilidade de C.C.COMPOSTELANO adoptar todas as medidas de seguridade, control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinan as normativas existentes e os propios plans de evacuación/autoprotección dos recintos.

A maiores, a entidade disporá dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que poidan derivarse da organización desta competición, que dean cumprimento ao establecido na lexislación vixente de espectáculos e actividades recreativas de Galicia. Ao mesmo tempo, a entidade contratará un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

En consecuencia, a súa organización suporá asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantan, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

4º.- En todo tipo de publicidade e información farase constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e carteleira en xeral, así como nos lugares de competición.

5º.- O C.C.COMPOSTELANO comprométese a presentar, antes da sinatura do presente convenio para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

5.1.- Copia da escritura de constitución da entidade e do poder de representación da mesma.

5.2.- Certificación oficial da Federación Galega de Ciclismo comprometéndose (ou outorgando) á organización das actividades IV Minibtt Cidade de Santiago Memorial José Luis Neira Fontao e o XXI Ciclocross cidade de Santiago, así como as datas de celebración das mesmas.

5.3.- Certificación da entidade, asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente, do orzamento detallado de ingresos e gastos previstos para a realización da actividade.

5.4.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

5.5.- Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

5.6.- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5.7.- Copia do CIF da Entidade

5.8.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta e no que conste o BIC e o IBAN.

6º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

7º.- Pola súa parte, o Concello de Santiago comprométese a subvencionar ao C.C.COMPOSTELANO coa cantidade de **6.000-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890008, destinados á axuda do financiamento dos conceptos de gasto e contías que a continuación se detallan e que figuran expresamente no orzamento xeral da actividade:

IV MINIBTT CIDADE DE SANTIAGO MEMORIAL JOSE LUIS NEIRA FONTAO	
TROFEOS	297,30 €
TASAS DE FEDERACIÓN	33 €
AMBULANCIAS	721,25 €
EQUIPO ARBITRAL	250 €
SPEAKER	150 €
ALQUILER DE VALLAS E ARCO DE META	1500 €
CARTELERÍA	19,30 €
MATERIAL MONTAJE CIRCUITO	999,76 €
Total do orzamento por estes conceptos:	3.970,61 €

XXI CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO	
TROFEOS	343,04 €
TASAS DE FEDERACIÓN	170 €
AMBULANCIAS	565,70 €

EQUIPO ARBITRAL	460 €
SPEAKER	201,40 €
ALQUILER DE VALLAS E ARCO DE META	1.500 €
CARTELERÍA	12,50 €
MATERIAL MONTAJE CIRCUITO	1.100,01 €
PREMIOS	490 €
Total do orzamento por estes conceptos:	4.842,65 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado por C.C.COMPOSTELANO para a actividade obxecto de subvención.

8º.- Para facer efectivo o pago é condición necesaria que C.C.COMPOSTELANO presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, **con data límite do 10 de novembro de 2022**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

8.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido o obxecto deste convenio.

Presentaranse unha breve memoria na que se inclúan recortes de prensa, fotografías, ..., nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido no punto 4 do mesmo, así como, un video de duración non inferior a 30 segundos e cunha calidade mínima de 1080 p que recolla imaxes xerais/estruturais do evento e específicas da propia actividade.

8.2.- Facturas oficiais que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 7º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2022, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos pola entidade para a organización deste evento, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

8.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se expresen, tamén baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. Esta declaración deberá vir acompañada dunha liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade.

8.4.- No momento da xustificación deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

9º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2022.

10º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a revogación da subvención prevista no presente convenio.

11.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención na cláusula sétima deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento a entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dando lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- Polo Concello poderá esixirse, a maiores das condicións establecidas anteriormente, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

14º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Entidade, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 Xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

15º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES13 2080 0345 1630 4000 7393 (CAGLESMMXXX)**.

16º.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

17º.- As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

18º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

19º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderán interpoñerse recursos contenciosos.



Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



CONCELLO DE
SANTIAGO

administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo CLUB CICLISTA COMPOSTELANO

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
ALCALDE

Asdo.: Abel Gómez García
PRESIDENTE